



2020/BANDO/000003

**BANDO DO ALCALDE POLO QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA O COVID-19**

Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, en cumprimento do establecido no artigo 124.4.g) da Lei 7/1985, de 5 de abril, reguladora das bases do réxime local, FAGO SABER que en data 13 de marzo de 2020 ditouse o seguinte decreto do alcalde:

**“DECRETO DO ALCALDE**

*Ante a actual situación derivada da evolución da enfermidade COVID-19 e das medidas extraordinarias que se están a tomar polas diferentes autoridades de saúde pública e, en particular do Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, faise necesario adoptar unha serie de medidas por parte desta entidade local, para que no marco das súas competencias, posibilite a conciliación da seguridade e saúde da cidadanía e dos empregados/as públicos/as coa mellor prestación dos servizos públicos a todas as persoas.*

*Por outro lado, a adopción de medidas non só é conveniente debido as circunstancias que concorren na actual situación, senón que resulta obrigado porque debe compatibilizarse a protección da seguridade e saúde das persoas co funcionamento ordinario dos servizos públicos.*

*En particular, estímase que se debe potenciar ao máximo as formas de relacións electrónicas e telefónicas que se teñan que realizar entre a cidadanía e este Concello, eliminando os trámites presenciais.*

*Así mesmo, insístese na necesidade de que todos os lugares públicos deben permanecer pechados, lembrando a obriga da cidadanía de que só poden circular nos supostos establecidos no artigo 7 do Real decreto sinalado anteriormente.*

*Por último, é competencia da alcaldía a adopción de medidas necesarias e adecuadas nos casos de extraordinaria e urxente necesidade polo que de conformidade co establecido no artigo 124.4.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, DECRETO:*

**Primeiro.- Atención á cidadanía de forma electrónica e telefónica.**

*1. A atención ao público nos servizos e unidades municipais, incluída a oficina de asistencia en materia de rexistros, realizarase de forma electrónica ou telefónica, non admitíndose outra forma de realización.*

*Priorizarase a realización da tramitación electrónica de trámites e actuacións pola cidadanía, a cuxo efecto, lémbrese que poden presentar os seus escritos e solicitudes no rexistro electrónico que está na sede electrónica municipal: <https://sede.pontevedra.gal/>, que está dispoñible as 24 horas do día.*

*Así mesmo, o Concello reforzará a atención telefónica dos servizos e unidades para que os cidadáns poidan realizar os distintos trámites e xestións. O horario de atención telefónica será de 9,00 a 14,00 nos días laborais.*

*As consultas co concello realizaranse chamando aos teléfonos 986804300 e 986100185 ou no enderezo electrónico [sede@pontevedra.eu](mailto:sede@pontevedra.eu).*

*Na porta do Concello, na sede electrónica do Concello <https://sede.pontevedra.gal/> e na páxina web oficial do Concello <http://www.pontevedra.gal/> atoparase un directorio coas extensións e enderezos electrónicos dos distintos servizos e dependencias municipais.*

**Segundo.- Peche e clausura**



1.- Lémbrese á cidadanía, que está limitada a liberdade de circulación das persoas nos supostos e casos que se permite no artigo 7 do Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19. Así mesmo, lémbrese a suspensión da apertura ao público dos lugares sinalados no artigo 10 deste Real decreto, que afecta a bens e actividades de titularidade do Concello, entre outros, a arquivos, bibliotecas, instalacións deportivas e de lecer, festas populares e centros culturais.

2.- Ademais dos lugares pechados polo Decreto da Alcaldía de data 13/3/2020 ( sociocomunitarios, equipamentos culturais, centros deportivos de xestión directa municipal e parques infantís no termo municipal) ordénase a clausura e peche das zonas recreativas como a Illa do Covo, a Xunqueira de Alba, as praias e instalacións municipais en xeral nos que resulte incompatible co Real decreto sinalado no parágrafo anterior.

3.- Acórdase o peche dos cemiterios municipais, excepto cando teña lugar un enterramento, no que se procederá á apertura adoptando as medidas organizativas que procedan para evitar aglomeracións de persoas e que exista unha distancia mínima dun metro. En todo caso, a duración e apertura do cemiterio debe ser exclusivamente polo tempo que sexa imprescindible para que se poida levar a cabo o enterramento.

### **Terceiro.- Vixencia**

1. Estas medidas entrarán en vigor desde a sinatura deste Decreto e estarán en vigor con carácter indefinido ata que se deixen sen efecto de forma expresa.

2. Non obstante o anterior, se algunha normativa aplicable posterior fai incompatible algún dos aspectos deste Decreto con esa normativa, entenderase que queda sen efecto a ordenación establecida no mesmo no que resulte incompatible.

3. Calquera referencia que se contén de forma expresa a unha norma neste Decreto entenderase substituída pola norma posterior que a substitúa.

Así o decreta e ordena o Excmo Sr Alcalde, en Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da administración municipal”

O que se fai público para xeral coñecemento e se recorda que é de obrigado cumprimento.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

